



Secretarías de Política Social e Muller e Igualdade  
Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia

## **BASES DA PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLOS/AS MENORES DE 3 ANOS PARA O 2008** (Orde do 26 de marzo de 2008. D.O.G. nº 64 de xoves 3 de abril)

### **Beneficiarios:**

- Persoas que teñan fillos/as menores de 3 anos en 1 de xaneiro de 2008 (nados entre o 2-1-2005 e o 1-1-2008) e que por razón dos ingresos obtidos en 2006 non estivese obrigadas, nin eles nin ningún membro da unidade familiar, a presentar a declaración da renda. Excluídas as unidades familiares cuxos ingresos no 2006 superasen os 22.000€. No caso de fillos/as adoptados/as ou acollidos/as entre o 31-12-2006 e o 31-12-2007 a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data de inscrición da adopción ou acollemento
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio o beneficiario será o que teña a custodia dos fillos/as.
- Os estranxeiros residentes en Galicia poderán ser beneficiarios sempre que cumpran coa Lei orgánica 4/2000 e teñan a condición de contribuíntes para os efectos da Lei 35/2006

### **Requisitos e contía da axuda:**

Residencia en Galicia dos proxenitores e convivencia dos nenos/as co solicitante na data da solicitude. A prestación consiste nun pagamento único de 360€ por cada fillo/a menor de 3 anos.

### **Solicitudes e documentación:**

- Novas Solicitudes:
  - Modelo oficial (anexo I)
  - Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante e do cónxuxe ou parella así coma do libro de familia ou certificado de nacemento.
  - Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar
  - Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio se é o caso
  - Nos casos de adopción ou tutela copia do acto ou resolución xudicial
  - Fotocopia da folla da libreta ou cartilla de aforros na que figure o número de conta para recibir o ingreso
  - Declaración do conxunto das axudas (anexo III)
- Solicitudes para persoas anteriormente beneficiarias:
  - Só se terá que presentar a solicitude (anexo I) sempre que no se modificasen as circunstancias persoais, xurídicas e económicas (poderán presentar as solicitudes por vía telemática).

### **Lugar/ Prazo de presentación e Resolución:**

O prazo de presentación será de 40 días naturais dende o 4 de abril. As solicitudes presentaranse no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A resolución será no prazo de 6 meses contando dende o día seguinte da data de rexistro. Transcorrido ese prazo sen resolución entenderase desestimada.